

Dionisio Fierros: *os comenzos de un artista*

CELIA CASTRO

1-Introdución

O pintor Dionisio Fierros Alvarez, nado en La Ballota (Asturias) en 1827, en Madrid en 1894, é unha das figuras máis importantes do noso panorama pictórico decimonónico.

Afincado en Madrid dende moi novo, frecuentou durante a súa época de estudante e pintor novel (en realidade nunca perdería o contacto cos seus amigos da capital de España) os ambientes máis cultos e artísticos de dita cidade da man do seu mestre Federico de Madrazo, pintor real, nos que se desenvolvería con soltura, e nos que, por méritos propios, adquiriría gran sona, facendo amizades entre a nobreza e a vangarda intelectual.

Autor prolífico, traballador incansábel e perfeccionista foi ademais un gran viaxeiro, posuía unha gran cultura e pola súa gran talla humana foi moi querido polos seus contemporáneos

Cultivou diversas técnicas, sobre todo óleo e acuarela, sendo ademais un gran dibuxante como se pode ver nas súas obras, inspiradas case sempre na realidade, e nas que prema un gran sentido do movemento e do detalle.

Recordarei brevemente algunos datos da súa biografía.

2-Biografía

Naceu en Ballota (Cudillero) o 5 de maio de 1827, nunha familia de campesiños acomodados, os seus pais, Nicolás Fernández Fierros e María Álvarez del Valle eran do mesmo lugar, el máis tarde asinará as súas obras como Dionisio Fierros, empregando tamén Dionisio Fierros Álvarez.

O 15 de maio de 1841, con 14 anos recen cumpridos parte cara a Madrid coa finalidade de aprender o oficio de xastre no taller dun tío seu, de posición acomodada. Non gustándolle este oficio -e por mediación deste- consegue entrar como aprendiz de mordomo en casa dos marqueses de San Adrián, cos que chegará a establecer unha relación moi especial, en concreto co marqués de Castelforte, primoxénito da familia, co que manterá unha duradeira amizade.

Coñecedores os marqueses da aptitude do mozo para o debuxo decidiron levalo ao estudio de José de Madrazo, reputado pintor de cámara do rei Carlos IV, Director do Museo do Prado e Director da Real Academia de San Fernando, para que se formase.

De 1841 a 1844, o mozo Dionisio realiza a aprendizaxe de debuxo e pintura neste taller, para pasar a continuación ao estudio do fillo do pintor. Federico de Madrazo, discípulo avantaxado do seu pai, que era doce anos maior que Fierros e que estudara en París no taller de Ingres, e en Roma. Non se sabe con exactitude o tempo que permanece con el pero si que toma clases de pintura até 1855¹. Segundo o propio Dionisio escribe nas súas memorias en todo ese tempo «no salí de Madrid», aínda que J. Vila Pastur o cuestiona².

O que é indubidable é que a influencia de Madrazo foi decisiva para el, non só pola súa adhesión á moda romántica, se non porque con el tomará contacto coa vangarda intelectual madrileña (artística, literaria, etc.).

Segundo as súas palabras en xullo de 1855, marchou a Santiago de Compostela, onde permaneceu durante tres anos nos que fixo «seis cuadros de costumbres» e «varios retratos». Os primeiros presentounos na Exposición de Madrid de 1860, gañando varias medallas.

A pesar de que non deixa de facer retratos, segue o seu interese polo cadro de costumes. De 1862 a 1864 viaxa por terras salmantinas pintando paisaxes e cadros de xénero que encadraríamos no pintoresquismo ou tipismo, tan de moda na época. Segue obtendo medallas e diplomas, e de 1866 a 1871 poucas son as novas que del se teñen. Crese que alterna a súa estancia en Madrid con viaxes á súa terra natal e quizais fóra de España. Na Corte, pinta cadros de personaxes da vida madrileña e varios retratos da familia real.

A finais de 1872 comeza a súa segunda estancia en Galicia, que durará até 1874. Vai ser decisiva na súa pintura e na súa vida. Instálase en Santiago, onde pintará numerosos retratos, sobre todo para a nobreza, clero e alta burguesía, algúns irán parar a diversos puntos da xeografía española. Fai frecuentes viaxes á súa terra natal, con estancias en Ribadeo onde realiza varios encargos e namórase de Antonia Carreira, unha moza de vinte e un anos, filla do dono da pousada onde se aloxaba. O 24 de novembro de 1873, a parella contrae matrimonio na devandita vila e logo da voda trasládanse á Coruña, onde permanecerán até finais de 1876.

En 1877 instálase en Madrid para cumprir cos numerosos encargos. Alí nacen os seus tres primeiros fillos, que non superarán os dous anos.

1 J. Villa Pastur. Dionisio Fierros XXV Certamen Nacional de Pintura de Luarca, Luarca 1994, p. 21.

2 J. Villa Pastur. *Idem* p. 22.

A finais de 1878 trasládanse a Oviedo, onde residirán até a súa morte, e onde nacerán outros catro fillos, dos cales so sobrevivirán tres. O pintor realizará numerosas viaxes, a Madrid por motivos de traballo, ao estranxeiro, concretamente a Italia e Centroeuropa, sen contar coas tempadas de vacacións en Ribadeo, Ballota e Luarca. É a súa época máis frutífera, faranlle numerosos encargos, para institucións públicas e particulares, neles fará gala dunha pincelada máis solta e luminosa.

En 1894 morre en Madrid de forma repentina.

3-Obras de taller

Dos seus primeiros anos en Madrid, apenas se teñen datos.

O pintor narra nas súas Memorias, publicadas polo seu neto Dionisio Gamallo Fierros³, o seguinte:

«Salí para Madrid el 15 de Mayo de 1841. Comencé mis primeros estudios de pintura en dicha población en 1942. Primero con Don José Madrazo, pintor de cámara y director de la Real Academia de San Fernando y del Real Museo de Pintura. Dos años después pasé a ser discípulo de su hijo don Federico Madrazo, pintor distinguidísimo, recién llegado de Roma. Al propio tiempo que pintaba en el estudio del dicho Don Federico, pintaba en distintas clases, como la Academia de San Fernando y el Museo Real del Prado, hoy Museo Nacional. Desde el 1842 a 1855, en el que dejé de asistir a las academias de pintura, 13 años que no salí de Madrid...»

Y más adelante:

«No debo ni quiero dejar de mencionar que en mis primeros pasos en el arte, de llegada a Madrid, he tenido la gran suerte de encontrar con lo que me hacía falta; es decir: protección.....»

Mi querido tío a quien cité ya, conocía a una excelente familia a quien prestaba sus servicios como maestro sastre; este me llevó un día con él a la casa citada... que era la de los Marqueses de San Adrián, con palacio solariego en Tudela (Navarra), recomendándome como ayuda de cámara del señor Marqués, hijo y descendiente del que fuera varias veces elegantemente retratado por Goya, don José María de Magallón.

Empecé a prestar mis servicios con la mayor voluntad, pero varias veces mi señor me sorprendió dibujando a hurtadillas y al observar mis disposiciones para el arte, me llevó al estudio de su amigo, el consagrado pintor don José Madrazo, en cuyo taller empecé a tomar lecciones en 1842, disfrutando desde entonces de la decidida y constante protección de los nobles navarros...»

3 D.Gamallo Fierros. *La Nueva España*. Oviedo. 8 de Noviembre de 1960.



Do seu paso polo taller do pintor José de Madrazo, sabemos moi pouco, este artista, pintor real e tamén director da Real Academia de San Fernando, e profesor da mesma, tomouno baixo a súa tutela durante dous anos.

Nas mesmas memorias do pintor se menciona que, dous anos máis tarde pasa a estudar no taller do seu fillo, Federico de Madrazo, recién chegado de Roma, e que simultanea as súas leccións cas que toma na Academia de San Fernando.

Esta entidade foi creada no S.XVIII cón fin de dar un carácter público e oficial ás ensinanzas de Belas Artes de todo o Reino.

A investigadora da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Esperanza Navarrete, estudou en profundidade estes métodos de ensinanza⁴, malia que os datos dos séculos XVIII e XIX caracterízanse pola súa falta de método e por presentar moitas lagoas.

Sen embargo recóllese a asistencia a tres asignaturas ou salas: «Las de Yeso, Natural y Colorido».

Dice Navarrete:

«Cuando un joven varón, español o extranjero, decidía seguir en Madrid la carrera oficial y gratuita de las artes, solicitaba su ingreso en la Academia, y, según su edad e instrucción previa, era destinado a uno de los diferentes estudios y grados que existían.

...Se pueden distinguir tres grupos dentro de los alumnos que asistían a las clases de la Academia: por una parte los alumnos ordinarios; por otra, aquellos que pensionaba el Rey para estudiar en los talleres de sus pintores de cámara pero que además debían asistir a la Academia; y por último los que podemos llamar «extraordinarios», es decir, profesores o académicos de mérito que querían seguir perfeccionándose en su arte, o incluso aficionados».

A asistencia ás salas do Yeso e do Natural era común a pintores e escultores, mentras que á de Colorido asistían solo estos últimos.

«Los estudios impartidos en estas Salas eran considerados Mayores o Superiores. En la del Yeso ingresaban quienes habían dado suficientes muestras de instrucción en el manejo del dibujo de las partes aisladas del cuerpo humano y de la figura completa (los llamados «Estudios Menores «o «Principios del Dibujo»). Una vez incurso en esta Sala, el alumno copiaba de esculturas va-

4 E. Navarrete Martínez. «Alumnos de las salas del Yeso, del Natural y del Colorido de la Real Academia de San Fernando (1800-1844)». P 159 y ss *Academia (Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando)*. Primer y segundo semestre de 2008. N° 106-107. Edita Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Madrid. ISSN: 0567-560X.

ciadas en yeso, la mayoría de las cuales reproducían modelos de la Antigüedad. Posteriormente pasaba a la Sala del Natural, es decir, del desnudo, estando a su disposición modelos masculinos en representación de las tres «edades» del hombre (juventud, madurez y senectud); empezaba copiándolos aisladamente y cada mes se reunían para formar un grupo compositivo»⁵.

Sabemos que Dionisio Fierros durante o Curso 1844-1845 estivo asistindo á Sala do Yeso⁶, o que quere decir que superados os rudimentos do debuxo era xa un alumno aventallado.

A partir de aí pérdese a súa pegada.

Consérvase no Museo da Academia un dibuxo catalogado có nº 979 e titulado *Ceres*. Deduzo que é unha copia do valeirado en yeso que representando a dita deusa trouxo de Italia Diego da Silva Velázquez e que logo, fundada a Academia de San Fernando, pasou a esta, con outros, para server de modelo ós alumnos.

Foi sen dúbida un alumno exemplar, non defraudando nunca as perspectivas que nel se puxeron, tendo así o privilexio de colaborar con Federico de Madrazo, polo que foi moi querido e apreciado, e entrando así, da súa man, nos ambientes artísticos e culturais máis escollidos da sociedade madrileña.

Ademais, na mesma Academia, tivo oportunidade de trabar amizade con algúns compañeiros que se converterían tamén en magníficos pintores, cos que compartiría viaxes e cos que participaría en diversos certámenes de pintura en España e en exposicións no extranxeiro, entre eles Carlos Esquivel, Luis de Madrazo e Manuel Castellano. Este último fixo en 1847 un retrato a lápiz que nos mostra a un xuvenil e elegante Dionisio Fierros de vinte anos, vestido á moda romántica, de mirada perdida e soñadora.

De esta primeira etapa artística do pintor, considerada de «formación»⁷ coñecemos moi pouco.



Lám. 1.- Retrato de Dionisio Fierros. Manuel Castellano. Lápiz sobre papel. 1847. Colección particular. Fotografía da autora.

⁵ E. Navarrete Martínez. Idem, Ibidem. Pag 169

⁶ Archivo de la Real Academia de San Fernando..Legajo 1-22-20.

⁷ Vid M.C. Tabernero Rey. *El pintor Dionisio Fierros, su vida y su obra*. Tesis de licenciatura inédita dirigida por el Profesor Otero Túñez. Universidad de Santiago de Compostela.1966, pag 10.



Lám. 2: Retrato Xacente do Infante D.Luis de Borbón y Borbón. Dionisio Fierros. Óleo sobre lenzo. Fotografía cedida polo Museo de Belas Artes de Oviedo.

Sábese que até 1855 estivo tomando clase de pintura e ligado ó taller de Federico de Madrazo.

Ademais de formarse no debuxo e pintura clásicos, e de facer copias no Museo do Prado, recibiu a influencia do seu maestro formado cos Nazarenos e no taller parisino de Ingres, do que tomará o noso pintor nos comezos ese gusto polo debuxo e esa sinuosidade nas formas, así como unha elegancia que nunca abandonará inda que despois imprimirá ás súas obras un carácter fortemente realista.

En 1850, Federico de Madrazo é chamado pola raíña Isabel II ao Panteón Real do Escorial para facer un retrato de corpo presente do seu fillo primoxénito, D.Luis de Borbón e Borbón, falecido ás poucas horas do seu nacemento.

Madrazo faise acompañar dun dos seus discípulos máis aventaxados, Dionisio Fierros, e ambos pintores fan sendos retratos que se conservan. O de Fierros, sen firmar, atopábase no seu estudo e era considerado pola súa viúva como seu e así tamén catalogado polos críticos. Hoxe forma parte dos fondos do Museo de BB.AA de Oviedo.

D. Javier Barón no catálogo da exposición por el comisariada no ano 2007 que leva por título «Pintura asturiana del S. XIX»,⁸ analiza esta obra e coincide có neto do pintor, D. Dionisio Gamallo Fierros, que aínda que este lenzo non ten a profundidade do de Madrazo, e vese que é a obra de un discípulo, e moito máis incisivo que o do mestre, quizais xa augurando un gusto polo realismo que a pesar da moda da época e o gusto pola idealización, aflorará deseguida na súa obra.

Destá época sería tamén, unha copia do *Menipo* de Velázquez, que formaba parte en 1909 da Colección que os irmáns Moreno posuían na súa casa de Bós Aires. Esta era unha das obras do seu estudo de Oviedo que saíu a subasta á morte do pintor, en 1894. No Inventario figura como *Minipo* (copia de Velázquez), có nº 659, de 160x90 cm⁹.

Pertencían tamén a dita colección unha serie de cabezas, «Estudos», copias de cadros de Velázquez ou sacadas de distintos modelos do natural, a maior parte hoxe en paradeiro descoñecido e reproducidas no libro publicado en Bós Aires, que é en realidade un catálogo da Colección Moreno e escrito polo intelectual galego Leopoldo Basa Viladefrancos¹⁰. Destá época son tamén algunhas cabezas e retratos que se atopan en coleccións privadas, como a que se reproduce nesta páxina.

Este cadro, posiblemente inspirado nalgún autor do S XVII, mostra xa a inclinación do autor por captar os detalles e plasmar a fisonomía dun xeito moi realista. Inda que carece de data, pode pertencer a esta primeira etapa polas súas características (Notable academicismo, pincelada apretada, luz frontal etc) e tamén



Lám. 3: *Retrato de cabaleiro (Cabaleiro do S.XVII, ¿Vestido á antiga?). Dionisio Fierros. Óleo. 60x45cm. Colección particular. Fotografía da autora.*

8 F. J. Barón Thaidigsman. *Catálogo exposición Pintura Asturiana del S.XIX*. Museo de Bellas Artes de Oviedo. Oviedo 2007. Pag 17.

9 Academia Provincial de Bellas Artes de San Salvador de Oviedo. «Exposición-venta de varios cuadros y acuarelas de D. Dionisio Fierros y Álvarez, pintor y discípulo de D. José, D. Federico y D. Luis de Madrazo. Oviedo 1894. Establecimiento tipográfico de Vicente Brid.

10 L. Basa Viladefrancos. *Dionisio Fierros*. Buenos Aires. 1909 Pag 48-49.

porque figura nunha fotografía tomada polo fotógrafo compostelán Manuel de Cisneros en 1858 có gallo da Exposición organizada en Santiago de Compostela pola Sociedade Económica de Amigos do País de dita cidade¹¹, polo cal a súa factura ten que ser anterior a esta data.

Ademais dos cadros destes anos que se conservan en Museos e coleccións privadas, saen a miúdo obras de Fierros a subasta en diversas galerías de Arte, dándonos nova información, e sorprendéndonos cada vez máis a capacidade de traballo, a versatilidad e formación deste artista, que é capaz de plasmar calquera motivo con maestría e fidelidade, e de facer fermosas creacións.

Este é o caso dunha serie de cinco óleos sobre lenzo en formato oval denominados *Los Pecados Capitales* que sacou a subasta a Sala Fernando Durán no ano 2000.

Están asinados polo autor e datados en 1852, anos de aprendizaxe do artista no taller de Federico de Madrazo.

Estes cadros, penso que están inspirados en litografías do pintor francés Luis-Leopold Boilly, moi popular nesta época polo seu tratamento orixinal e incisivo do ser humano. Serían quizais estudos feitos no estudo madrileño do seu mestre quen posiblemente trouxo as litografías de París.

Luis-Leopold Boilly (La Bassée 1761-París 1845), retratista, pintor da vida napoleónica, é moi coñecido polas súas escenas de xénero¹².

De 1823 a 1828, fixo unha serie de 95 litografías de carácter humorístico titulada *Recueil des Grimaces* o *Les Grimaces (Las Muecas)*, impresas no taller litográfico de Delpech e coloreadas a man, na que caricaturiza diversas condutas do ser humano, distorsionando fortemente as caras e deformando os rasgos servéndose para elo de lentes cóncavas e convexas.

E moi inusual a súa composición das escenas, nas que non busca a profundidade senon a idea de masa, aparecendo os personaxes moi xuntos, dando a sensación de falta de espacio.

Farei un breve análise destas obras:

1ª-*Les Lunettes (As Gafas)*. Non se correspondería-o meu entender- con ningún pecado capital. Aparecen cinco personaxes de avanzada idade e diversas profesións caracterizados á moda da época e mirando por unha serie de aparatos ópticos. Represéntanse de torso, moi xuntos, e subtraíndose os xestos distorsionados, as faccións acusadas e a ollada moi marcada.

11 C. Castro Fernández .Pintura y Fotografía en el S.XIX: Una aproximación al arte de Dionisio Fierros. Trabajo de Investigación inédito para el Diploma de Estudios avanzados dirigido por Ana E Goy Diz. Facultad de Humanidades de Lugo. Junio 2010.Pag 158.

12 A de Mabilie Poncheville.Boilly.Plon.París.1931. S L Segfried. El arte de Louis-Leopold Boilly: La vida moderna en la Francia napoleónica . Yale University Press.Newhaven 1995.



Lám. 4.- *Les Lunettes*. L.Boilly. Litografía en papel vitela, coloreada a man. 22,3 x 32,4cm. Taller de Delpech. París 1827.



Lám. 5.- *Pecado Capital*. Óleo sobre lenzo. 48,26 x 35,56 cm. 1852. Colección particular.

O debuxo moi marcado, a luz uniforme e a cón pouco degradada, cun predominio dos tons pastel, dalle unha sensación de planimetría potenciada pola rotundidade do debuxo. Na obra de Dionisio Fierros, de formato oval inda que a composición é practicamente igual, aparte de utilizarse distinto soporte técnico, o que nos daría outra textura e aparencia, hai un tratamento diferente.

As figuras teñen máis volume e corporeidad, están máis acabadas e os detalles máis matizados. A luz ilumina os rostros, modelándoos, e resaltándoos contra o fondo escuro ó que dá á escena un maior carácter de realidade fronte ó carácter meramente ilustrativo da litografía.

2ª-*La Felicité Parfaite*. Ostenta o nº 18 da colección *Recueil des Grimaces*, polo que está realizada polas mesmas datas. Non se correspondería-ó meu entender- con ningún dos Pecados Capitales se non unha sátira contra o vicio da bebida (como vemos toda esta colección de *Les Grimaces* é unha crítica contra a desmesura humana e unha ridiculización dos vicios ou «defectos» que asolan a sociedade).

Representa a un personaxe masculino e outro feminino sostendo sendos vasos e botellas, bebendo con fruición, e, sobre todo o masculino, cunha mueca no rostro que denota a euforia que dá a embriaguez.





Lám. 6.- *La Felicité Parfaite*. L.L.Boilly.
Litografía en papel vitela, coloreada a man.
22,3x32,4 cm. Taller de Delpech París. 1827.



Lám .7.- *Pecado Capital*. Dionisio Fierros.
Óleo sobre lenzo.48,26 x 35,56 cm. 1852.
Colección particular.

De novo vemos que Fierros partindo da obra de Boilly supera a esta no tratamento conseguendo ademais, suprimida esa exaxeración dos rasgos unha maior elegancia e proporción de formas, dándolle profundidade á escena.

3º-*La Luxure (A Luxuria)*

Esta si correspondería na temática co pecado capital do mesmo nome. Nesta obra tamén Fierros se inspira en Boilly, facendo unha composición case idéntica.

Dous personaxes masculinos entrados en anos observan de forma libidinosa a unha xoven dormida de aspecto amonecado e inocente.

O carácter escabroso e humorístico desta litografía desaparece na obra de Fierros dando como resultado unha escena de xénero anecdótica e elegante.

Suprimindo a excesiva xesticulación e alongando as figuras consegue un conxunto máis armonioso.



Lám. 8.- *La Luxure*. L.L. Boilly. Litografía. En papel vitela coloreada a man. 22,3x32,4cm. Taller de Delpech. París.



Lám. 9.- *Pecado Capital*. Dionisio Fierros. Óleo sobre lenzo. 48,26 x 35,56 cm. 1852. Colección particular.

4º-*La Gourmandise (La Glotonería-A Gula)*

Pertence tamén á serie *Les Grimaces*.

Corresponde esta temática co pecado capital do mesmo nome.

Na escena figuran tres personaxes, dous homes e un rapaz, que comen vorazmente limpando de modo goloso os recipientes que conteñen os manxares.

É a representación da glotonería, vicio que desembocaría no pecado capital da Gula.

Como as outras representacións analizadas, as figuras aparecen moi xuntas, apertadas, sin espacio entre elas, e concentradas na actividade que están a realizar.

A litografía de Boilly, co debuxo máis marcado, as figuras de rasgos moi acusados e expresións caricaturescas, rayando no desagradable, recheas de suaves cores pasteis contrasta coa densidad e textura do óleo e os tons máis escuros empregados por Fierros; destacan solo as carnacions e algún detalle branco na vestimenta (según a moda romántica). A escena adquire máis profundidade polo feito de resaltar a mesa no primeiro plano, conseguéndose unha atmósfera cálida polo emprego de luz dourada.





Lam. 10.- *La Gourmandise*. L.L.Boilly.
Litografía en papel vitela coloreada a man.
22,3x32, 4cm Taller de Delpech. París 1824.



Lam. 11.- *Pecado Capital*. Dionisio Fierros.
Óleo sobre lenzo.48, 26 x35, 56cm.
Colección particular.

5º-*La Colére (La Cólera-A Ira)*.

Pertence tamen a *Les Grimaces*.

A litografía de Boilly representa este pecado capital, así mesmo o óleo de Fierros.

Boilly coloca a estos tres personaxes formando una composición triangular, e como nas outras litografías, de torso, e destacando fortemente contra o fondo.

Son tres homes maduros co rostro distorsionado pola ira, de tremenda fealdade.

Os puños apertados e os cabelos alborotados contribúen a crear unha sensación de violencia e dramatismo, a pesar do interese do autor por buscar a vena humorística e histriónica.

Dionisio Fierros, como nos óleos comentados anteriormente dalle á obra un matiz moito máis sobrio e moderado ademais de lograr unha composición con máis profundidade e verticalidade, esto ven dado tamén polo formato oval do lenzo.

Este conxunto de cinco cadros denominado *Pecados Capitales* son obra de un Fierros aínda alumno de Madrazo, que á vez que fai os seus propios retratos creativos e busca un estilo propio, aprende, como todos os artistas do seu tempo, copiando os



Lam. 12.- La Colère. L.L Boilly. Litografía en papel vitela coloreada a man. 22,3x32, 4. Taller de Delpech. París. 1824.



Lám.13.- Pecado Capital. Dionisio Fierros. Óleo sobre lenzo.48, 26 x 35,56cm. 1852. Colección particular.

artistas clásicos e reinterpretando distintas obras, tratando diversas temáticas para conseguir un estilo propio.

Queda con todo claro a súa inclinación ao realismo, a buscar a veracidade nas expresións e o seu gusto pola representación de caracteres, así como unha elegancia na paleta e unha sobriedade compositiva que lle levaría, en poucos anos, a converterse nun dos mellores retratistas do século XIX, así como un magnífico pintor de xénero e paisaxe, conseguindo durante a súa vida numerosos méritos e premios a nivel nacional e internacional.

4-Os inicios de un estilo

Inda que se coñecen varios retratos anteriores a 1850, será a partir desta data cando o artista comezará a pintar dun xeito máis persoal e elaborado, e as súas obras posuirán xa unhas características que persistirán ó longo da súa vida malia das diversas modas ou tendencias.



Algúnhas delas, de gran beleza e elegancia están influenciadas polos Nazarenos e polo francés Ingres, a través do seu mestre Madrazo e inclúense dentro da corrente romántica.

Un retrato especialmente fermoso que destaca pola intensidade cromática, a esbeltez da liña e o tratamento lumínico, é o *Retrato de Xoven (Retrato feminino con fondo de Paisaxe)* que se conserva no Museo Casa Natal de Jovellanos de Xixón.

Este retrato de busto, posiblemente idealizado, con formato oval representa a unha xoven vestida á moda da época, lixeiramente ladeada coa cabeza volta cara o lado contrario dos homeiros. A man dereita ascende lánguidamente cara o queixo cun xesto que subliña a súa expresión ensimismada ou nostálgica. A súa mirada é serena e o sorriso apenas se esboza. A iluminación, que procede do lado dereito do cadro, axuda a matizar o aspecto satinado do rostro, conseguido cunha pincelada moi apertada. O fondo de arboleda e un ceo profundamente azul poñen unha nota alegre na composición. As liñas de contorno marcadas e o pescozo tan grácil recordannos o influxo dos Nazarenos e de Ingres.

O xesto de apoiar lánguidamente a man no queixo, ou achegala a él, que tan común é nos retrato de Ingres, e logo tamén dos seus seguidores, poidera ser unha moda inspirada nos daguerrotipos, nos que esa postura era necesaria para axudar a soste a cabeza nos longos tempos de exposición, para quedar logo na pintura, nun recurso meramente estético¹³.

O formato oval, e o fondo, tratado como un telón, achéganos tamén ó mundo da miniatura, tan de moda na época.

O artista, aquí revélasenos xa como un pintor que emprega un trazo seguro e elegante, ten un magnífico dominio da cor (entre eles do vermello intenso-*rojo inglés*) e traballa os detalles cunha gran mestría.

Traballador incansable, a partir de 1855, momento en que se independizará do taller de Madrazo -inda que a súa amizade durará até a súa morte- pintará infinidade de retratos, bodegóns, obras de xénero e paisaxes, evolucionando dende o romanticismo cara a un realismo cada vez máis forte, e conectándose ó fin da súa vida, cas tendencias impresionistas.

Até aquí este pequeno percorrido polos comezos artísticos de Dionisio Fierros.


Este artigo non pretende ser un estudo profundo da súa obra, senón unha pequena aportación ao coñecemento da mesma.

13 Aaron Scharf. Arte y Fotografía. Alianza Editorial. Madrid 2005. Pag 52-55. C. Castro Fernández. Pintura y Fotografía en el S.XIX: Una aproximación al arte de Dionisio Fierros. Trabajo de Investigación inédito para el Diploma de Estudios avanzados dirigido por Ana E Goy Diz. Facultad de Humanidades de Lugo. Junio 2010. Pag 125 e ss.



Lam 14: Retrato de Xoven. (Retrato feminino de busto con fondo de paisaxe). Dionisio Fierros. Óleo sobre lenzo. Ca 1850. Museo Casa Natal de Jovellanos, Gijón. Fotografía cedida por dita entidade.

Con el quero expresar unha vez máis a miña grande admiración por este gran pintor, non sempre debidamente valorado, que foi un dos artistas mellores e máis completos do noso s.XIX, posuidor así mesmo dunha gran calidade humana.



5-Bibliografía.

- ACADEMIA PROVINCIAL DE BELLAS ARTES DE SAN SALVADOR DE OVIEDO. «Exposición –venta de varios cuadros y acuarelas de D. Dionisio Fierros y Álvarez pintor y discípulo de D. José, D. Federico y D. Luis de Madrazo». Oviedo 1894. Establecimiento tipográfico de Vicente Brid.
- BASA VILLADEFrancos, LEOPOLDO: *Dionisio Fierros*. Talleres J. Peuser. Buenos Aires 1909.
 - BARON THAIDIGSMANN, FRANCISCO JAVIER: Catálogo exposición *Pintura Asturiana del S.XIX*. Museo de Bellas Artes de Oviedo. Oviedo 2007.
 - CASTRO FERNÁNDEZ, CELIA . *Pintura y Fotografía en el S.XIX: Una aproximación al arte de Dionisio Fierros*. Trabajo de Investigación inédito para el Diploma de Estudios avanzados dirigido por Ana. E. Goy Diz. Facultad de Humanidades de Lugo. Junio 2010. Pag 125 e ss.
 - DE MABILLE PONCHEVILLE, A .*Boilly*. Plon. París. 1931.
 - GAMALLO FIERROS, DIONISIO. *El Pintor Fierros*. La Nueva España. Oviedo. 8 de Noviembre de 1960.
 - NAVARRETE MARTÍNEZ, ESPERANZA. Alumnos de las salas del Yeso, del Natural y del Colorido de la Real Academia de San Fernando (1800-1844)». P 159 y ss .*Academia (Boletín de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando)*. Primer y segundo semestre de 2008. Nº 106-107. Edita Real Academia de Bellas Artes de San Fernando .Madrid. ISSN: 0567-560X.
 - SCHARF, AARON. *Arte y Fotografía* .Alianza Editorial. Colección Alianza Forma, nº125 Madrid 1994.
 - TABERNERO REY, M^a CONCEPCIÓN: *El pintor Dionisio Fierros, su vida y su obra*. Tesis de Licenciatura inédita, dirigida por el Profesor Otero Túñez. Universidad de Santiago de Compostela 1966.
 - VILLA PASTUR, JESÚS. «*Dionisio Fierros*». XXV Certamen Nacional de Pintura de Luarca. Gráficas Baraza. S. L. 1994.